

CÓMO APUNTARSE?

Para apuntarse ó proxecto FEGAPE OHSAS 2016 é necesario remitir un email indicando o nome, actividade, email e teléfono de contacto.ó correo tecnico@fegape.org

O proxecto é totalmente gratuito e a obtención do diploma acreditativo do mesmo requerirá a asistencia ás sesión e o cumprimento das accións que integran o proxecto.

Máis información en
<http://fegapeprevencion.wordpress.com>

CALENDARIO DO CURSO

DATAS: Xuño-Outubro de 2016
CONTACTO

TLFNO: 986-334298
tecnico@fegape.org



Galipad
Consulting

Avenida de Galicia 14, 3ºD
O Porriño 36400. Pontevedra
Tel. +34 886163309 / 693407755
info@galipadconsulting.com
<http://www.galipadconsulting.com>



**TALLERES DE
FORMACIÓN E
IMPLANTACIÓN
DO ESTANDAR
OHSAS
18001:2007**



QUÉ APORTA OHSAS;

- XESTIÓN RESPONSABLE
- SEGURIDADE.
- COMPROMISO DOS TRABALLADORES.
- EFICIENCIA.
- AFORRO.
- MELLORA CONTINUA.
- FERRAMENTAS DE XESTIÓN.
- MELLOR AVALIACIÓN.
- AUMENTO DA PREVENCIÓN.
- CONTROL DE RISCOS LABORAIS.



ESTANDAR OHSAS 18001:2007

SISTEMAS DE XESTIÓN DA SEGURIDADE E SAUDE LABORAL DACORDO NORMA A OHSAS 18001

O Proxecto OHSAS- FEGAPE é proxecto financiado pola Consellería de Traballo e Benestar da XUNTA DE GALICIA que ten por obxectivo mellorar a prevención de riscos laborais nas empresas galegas. OHSAS é un medio para potenciar a prevención de riscos laborais, mellorando de xeito continuo as condicións e a saúde dos traballadores.

O proxecto OHSAS inclúe a formación, implantación dun sistema de xestión da prevención para 22 empresas con sede en Galicia.

Con esta acción, FEGAPE, aporta unha formación integral que permitirá aos participantes acadar coñecementos sobre xestión da prevención e implantala dando un salto cualitativo importante á hora de potenciar a xestión da prevención na súa empresa.

A prevención de Riscos chave de seguridade e eficiencia na empresa

OS SISTEMAS DE XESTIÓN DA SEGURIDADE E SAUDE LABORAL MELLORAN A PREVENCIÓN

PROXECTO OHSAS 18001:2007

1. Presentación do Proxecto

Introducción ó sistema de xestión OHSAS 18001:2007 e o marco normativo.

Correlación entre o sistema de xestión da PREVENCIÓN e os sistemas de xestión da calidade ISO 9001, e sistemas de xestión do medio ambiente ISO 14001.

2. Diagnose das empresas.

Cada empresa será visitada por persoal especializado en xestión da prevención para coñecer en detalle o seu proceso productivo. Analizarase, asemade, qué outras normas (ISO 9001, ISO 14001, etc.) co obxecto de integrar as normas no mesmo.

3. Definición da Documentación:

Nesta fase realizarase en tres talleres de traballo, toda a definición documental dos diferentes procesos e procedementos que hai que vertebrar para a implantación da norma OHSAS nas diferentes empresas.



4. Implantación da OHSAS:


Nesta fase visitarase individualmente cada unha das empresas para tratar a implantación da norma OHSAS 18001:2007 xa de xeito personalizado.

5. Auditorías Internas:

Nesta fase realizarase unha auditoría interna, por parte de persoal especializado totalmente alleo ao proceso de implantación, dos procesos e procedementos que implica o estándar OHSAS, o que permitirá avaliar o desempeño da empresa no eido da prevención e actuar naqueles eidos nos que este non resulte óptimo

6. Plan de Accións Correctivas (PAC).

Informe final ou PAC para mellorar aqueles aspectos que resulten susceptibles de mellora ou corrección de aspectos non correctamente implantados. Para elo emitirase un informe final personalizado ao tempo que se ofertará tutorización para a solución dos aspectos pendentes. Asimesmo se avanzará sobre a futura norma UNE 450001 que substituirá á OHSAS 18001:2007.



OHSAS MELLORA A SEGURIDADE

Mellora da produtividade debido a unha potencial diminución do número de accidentes de cada un dos traballadores das empresas.



OHSAS AFORRA CUSTES

– Evitando sancións causadas polo incumprimento da lexislación en materia de prevención de riscos laborais.

– Obtendo reducións nas primas dalgúns seguros relacionados como, por exemplo, os seguros contra incendios.



OHSAS MELLORA A XESTIÓN E A IMAXE

Aporta unha mellora continua na xestión, integrando a prevención en todos os niveis xerárquicos e organizativos, a través de metodoloxías, ferramentas e actividades de mellora, proporcionando unha potenciación da imaxe da empresa de cara aos clientes, á sociedade e á administración, amosando o compromiso da organización coa seguridade e a saúde dos traballadores.